



INGRESOS

Deputación

III. INGRESOS

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2019 presenta un lixeiro ascenso interanual, (2,6%), pasando dos 495,6 millóns de € de 2018 aos 508,7 do orzamento de 2019, isto é unha ascenso de 17,2 millóns. Pola contra houbo un aumento no índice xeral de prezos de consumo en Galicia no último ano (variación do 0,8% de xaneiro 2019 respecto a xaneiro de 2018).

Neste ano 2019 obsérvase un incremento interanual medio de 3,5% con respecto ao ano 2018. Por provincias, as catro presentan incremento nas cifras orzamentarias, sen embargo, a deputación de Pontevedra é a que presenta un menor incremento (0,7%) mentres que nas tres restantes provincias os incrementos situáronse entre o 2,6% (da Coruña e o 2,5% de Ourense) e o 11,9% en Lugo, onde se apreciou o maior incremento.


Cadro 1. Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais.

	2018	2019
A Coruña	178.950.000	183.609.300
Lugo	79.041.692	88.467.007
Ourense	80.707.000	82.700.000
Pontevedra	156.872.300	157.962.348
Total	495.570.992	512.738.655

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta ao peso relativo de cada un dos orzamentos provinciais respecto do total, o orzamento coruñés segue a ser o de maior importe dos catro, representando o 36% do total, seguido do de Pontevedra, que achega co seu orzamento o 31% ao total das catro deputacións. Pola outra banda están os orzamentos das dúas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense, onde os orzamentos das respectivas deputacións representan en 2019 o 17% e 16% respectivamente.

Gráfico 1. Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta a variable poboacional, tomando os datos do Padrón municipal de habitantes (publicado polo IGE) coa poboación provisional a 1 de xaneiro de 2019, habería que sinalar en primeiro lugar, un descenso de algo máis de 2.000 persoas en Galicia con respecto a 2018, descenso lixeiramente inferior ao dos últimos anos. Foi nas provincias de Ourense e Lugo nas que máis diminución tivo o dato de poboación provisional, tanto en valor absoluto como en taxa interanual.

A variable poboacional ademais reflicte que en termos per cápita, hai dous grupos claramente diferenciados, os de Lugo e Ourense, por unha banda, que son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

Cadro 2. Orzamentos Deputacións provinciais en termos per cápita.

	2018	2019	Variación
A Coruña	159,91	164,03	2,6%
Lugo	238,63	268,51	12,5%
Ourense	261,09	268,90	3,0%
Pontevedra	166,61	167,60	0,6%
Total	183,48	189,98	3,5%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os importes en termos de euros per cápita referidos á poboación de cada ano presentan incrementos no conxunto e nas catro provincias. O incremento da media de Galicia é de 6,50 euros por habitante máis que en 2018 (un 3,5% máis).

Máis adiante, no apartado de evolución de ingresos preséntase a traxectoria dos últimos once anos tanto en valores absolutos como en termos de importes divididos pola poboación de cada ano.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de ingresos

Destácanse aquí, a grandes trazos as variacións de maior importe e relevancia ao comparar o orzamento inicial dos anos 2018 e 2019.

- No orzamento global das catro deputacións provinciais obsérvase que todos os capítulos aumentan respecto do ano anterior, agás dous: os capítulos V Ingresos Patrimoniais e o capítulo VII, de Transferencias de capital, dentro das operacións non financeiras; e os capítulos VIII de Variación de Activos Financeiros, dentro das operacións financeiras
- Tras varios anos consecutivos de incrementos interanuais, este ano o agregado de **ingresos tributarios** sigue presentando un incremento do 6,3%, xa que pasou dos 103,6 millóns de euros aos 110,1 millóns de 2019. O incremento provoca unha subida de peso porcentual na estrutura de ingresos, aínda que moderada, de tres décimas, chegando a representar o 21,5% do orzamento.
- O capítulo I **impostos directos** no que se inclúen os recursos esixidos sen contraprestación, onde o feito imponible estea constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio ou a obtención de renda, presenta unha taxa de incremento dun 1,4%, a menor dentro da partida de Ingresos tributarios. É o segundo recurso na estrutura de ingresos das catro deputacións (sen ter en conta as transferencias), xa que presenta unha porcentaxe do 8% sobre o total de ingresos (e un 21,5% dentro das operacións correntes).
- Este capítulo comprende a cesión provincial sobre o Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e máis as recargas sobre impostos directos de outros entes locais, Imposto sobre Actividades económicas (IAE) sobre todo.
- No orzamento de 2019 como en anos anteriores móstrase un incremento do capítulo IV: as **transferencias correntes** medran en 10,7 millóns de euros para o total das catro deputacións, que representa un incremento porcentual do 2,8%. O peso porcentual deste capítulo é o de maior presenza dentro das operacións correntes, representando na actualidade o 77,4% do orzamento.. É dicir case 78 euros de cada 100 dos orzamentos das corporacións provinciais galegas proceden directamente do Estado, sendo o Fondo Complementario de financiamento a achega máis importante en todos os orzamentos das corporacións locais. Por provincias, o **capítulo IV** aumenta nos orzamentos das catro deputacións provinciais, con maior proporción na deputación de Lugo, onde o incremento con respecto ao 2018 foi do 9%.
- Mantemento da cifra de Operacións correntes, que con 507,6 millóns de euros representan case a totalidade do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe do 99% sobre o total. Este agregado aumenta nas catro deputacións ao comparalo co do ano anterior. A maior porcentaxe de incremento rexistrouse na deputación de Lugo, cun 11,3%.

- As **transferencias de capital** experimentan unha importante minoración do 20,2% (un total agregado de 324.091,25 euros) debido á caída deste capítulo na deputación de Ourense.
- O ascenso do importe do agregado de operacións de capital (capítulos VI e VII) produciuse en Lugo, mentres que en Ourense e Pontevedra houbo un forte descenso interanual.
- No que respecta ás **operacións financeiras**, ao igual que en anos anteriores, non hai consignación de capítulo IX e produciuse un moi pequeno ascenso do capítulo VIII, de variación de activos financeiros, do 0,1%, traducido nun importe de 2.400 euros.


Por deputacións, nos orzamentos da deputación da Coruña, o único capítulo que non creceu con respecto ao ano anterior foi o VI, de Ingresos Patrimoniais (cun descenso do 57%). O maior incremento corresponde ao capítulo III, de taxas e outros ingresos cun 16,9%, e 1,8 millóns de euros.

En Lugo, ascenden todos os ingresos agás os do capítulo V e VII, con descensos do 25% e 67% respectivamente.

O mesmo ocorre na deputación de Ourense, sendo os descensos dos capítulos V e VII máis acusados: do 30% e 89% respectivamente.

O orzamento pontevedrés é o que máis variabilidade amosa, con descensos nos capítulos III, V e VIII. Nos capítulos III e VIII o descenso non é salientable, posto que non supera o 1%, sen embargo, o capítulo V de Ingresos Patrimoniais amosa un descenso de case 200.000, o que supón un 28% menos que o ano anterior.

Gráfico 2. Porcentaxe que representa cada capítulo de ingresos no orzamento agregado das catro deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Principais características da estrutura de ingresos

A composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xe-ras:

- case a totalidade do orzamento son operacións non financeiras,
- son as operacións correntes as que representan a gran maioría dos ingresos, co 99% do total
- as operacións de capital e as financeiras soamente representan o 0,5% cada unha.

Gráfico 3. Ingresos totais por operacións. 2019



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Case a totalidade, o 99% do total dos orzamentos das catro deputacións provinciais de Galicia, 507,6 millóns de euros, son ingresos de operacións correntes, que comprenden os capítulos do I ao V. Destes ingresos:
 - A partida máis cuantiosa é o capítulo IV, de transferencias e de participación nos tributos estatais, que é o de maior peso porcentual na estrutura de ingresos, co 77,4% do orzamento das catro deputacións e unha cifra de 396,7 millóns de euros.
 - Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 21,5% do total, cun importe de 1100 millóns de euros
 - Os ingresos do capítulo V, patrimoniais, non chegan ao 1% de peso porcentual na estrutura de ingresos das deputacións provinciais galegas.

Cadro 3. Estrutura de ingresos 2019

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	510.333.654	99,5%
Operacións correntes	507.637.702	99,0%
Operacións de capital	2.695.952	0,5%
Operacións financeiras	2.405.001	0,5%
TOTAL	512.738.655	100,0%
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Ingresos tributarios (I, II, III)	110.055.624	21,5%
Transf. correntes (IV)	396.741.564	77,4%
Ingresos patrimoniais (V)	840.514	0,2%
Operacións de capital (VI, VII)	2.695.952	0,5%
Operacións financeiras (VIII, IX)	2.405.001	0,5%
TOTAL	512.738.655	100,0%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Soamente o 0,5% son ingresos de capital, cun importe de 2,7 millóns de euros (capítulos VI e VII). Este agregado tivo un aumento de peso relativo na estrutura de 0,5 puntos, derivado do incremento do alleamento en investimentos reais (que aumentou un 110% con respecto ao 2018).
- Por último, as operacións financeiras representan soamente o 0,5% do total dos recursos, cunha cifra de 2,4 millóns de euros e cun lixeiro descenso do 0,1%, na que soamente ten dotación inicial o capítulo VIII de variación de activos financeiros.


Cadro 4. Orzamento de ingresos do total das deputacións.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	39.816.833	8,0%	1,4%	40.374.339	7,9%
II. Impostos Indirectos	36.022.465	7,3%	3,1%	37.129.424	7,2%
III. Taxas e Outros ingresos	27.719.126	5,6%	17,4%	32.551.861	6,3%
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>103.558.424</i>	<i>20,9%</i>	<i>6,3%</i>	<i>110.055.624</i>	<i>21,5%</i>
IV. Transferencias Correntes	386.082.749	77,9%	2,8%	396.741.564	77,4%
V. Ingresos Patrimoniais	1.245.197	0,3%	-32,5%	840.514	0,2%
Operacións correntes	490.886.371	99,1%	3,4%	507.637.702	99,0%
VI. Alleamento Investimentos Reais	671.500	0,1%	110,6%	1.414.323	0,3%
VII. Transferencias de Capital	1.605.720	0,3%	-20,2%	1.281.629	0,2%
Operacións de capital	2.277.220	0,5%	18,4%	2.695.952	0,5%
Operacións non financeiras	493.163.591	99,5%	3,5%	510.333.654	99,5%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.407.401	0,5%	-0,1%	2.405.001	0,5%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	2.407.401	0,5%	-0,1%	2.405.001	0,5%
TOTAL INGRESOS	495.570.992	100%	3,5%	512.738.655	100%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

En resumo, son os Ingresos por operacións correntes a principal fonte de recursos dos orzamentos provinciais. O capítulo de **transferencias correntes**, supera as *tres cuartas partes do total dos recursos*, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado, sendo **Fondo complementario de financiamento** a partida máis cuantiosa. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais e recargo doutros impostos (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais *a quinta parte do total de recursos* orzamentarios. O que pon de manifesto como o mantemento destas entidades recae cada vez máis sobre a cidadanía.


Gráfico 4. Ingresos totais da Comunidade Autónoma de Galicia. 2019



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, a grandes trazos presentan unha estrutura de ingresos moi similar á do conxunto.

Gráfico 5. Detalle da estrutura de ingresos 2019



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


O capítulo IV de transferencias correntes, oscila entre o 74,8% do total de ingresos no orzamento provincial de Pontevedra e o 82,1% no de Ourense.

Os ingresos tributarios que son a segunda das fontes de financiamento da facenda provincial, cunha media do 20,9% de porcentaxe do total, varía a súa proporción entre o 24,2% que presentan este tipo de ingresos no orzamento coruñés e o 17,2% no de Ourense.

Os datos respecto ao total de operacións correntes non presenta case variacións entre uns orzamentos e outros dado a alta porcentaxe que representan nas catro deputacións.

cións, sendo a porcentaxe máis baixa a do orzamento pontevedrés, co 98% e case o total de ingresos no coruñés (99,7%).

Gráfico 6. Detalle da estrutura de ingresos de menor porcentaxe.




Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ás operacións de capital, investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) o maior peso porcentual correspóndelle ao orzamento provincial de Pontevedra, no que estes ingresos se estima que alcancen o 1,1% do total de recursos.

A estrutura de ingresos das corporacións provinciais galegas presentan características similares aos orzamentos do resto de entidades locais. Debido ás diferentes figuras impositivas entre ambos tipos de entidades locais, pódense observar certas diferenzas na composición de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia para o ano 2019, segundo os datos provisionais obtidos do Ministerio de Hacienda.

- As operacións correntes orixinan a maior parte dos seus recursos, nos concellos, e a porcentaxe é similar ó das deputacións, con 1,5 puntos porcentuais menos de porcentaxe que nos orzamentos das deputacións (99,5%). No orzamento consolidado das Entidades locais galegas a porcentaxe queda no 94,6%.
- os recursos procedentes de ingresos de capital teñen maior presenza nos orzamentos dos concellos: un 6% fronte ao 0,4% nas deputacións. O dato do orzamento consolidado das EELL queda no 3,3% de ingresos por transferencias de capital e alleamento de investimentos reais.
- o mesmo coas operacións financeiras, coas que estiman ingresar o 2% do total dos seus recursos nos orzamentos municipais mentres que nas deputacións non chegan ao 1%, reflectindo o orzamento consolidado o 1,7% de recursos procedentes de variacións de activos e pasivos financeiros.


Gráfico 7. Detalle da estrutura de ingresos orçamentos Entidades Locais de Galicia 2019



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No gráfico seguinte visualízanse os ingresos tributarios e as transferencias correntes que son as compoñentes da estrutura de ingresos con maior presenza. É significativa a achega que no caso dos orçamentos provinciais teñen as transferencias correntes.

Gráfico 8. Ingresos tributarios e transferencias correntes das Entidades Locais de Galicia 2019




Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao comparar as estruturas orçamentarias (de concellos, deputacións e consolidado de entidades locais) a un maior nivel de desagregación, as diferenzas son máis acusadas:

- os ingresos tributarios para o conxunto de orzamentos dos concellos galegos representan máis da metade dos seus recursos, achegando o 56% do total, fronte ao 21,5% das facendas provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais o agregado de ingresos de natureza tributaria representa tamén máis da metade dos recursos, cunha porcentaxe do 51,9%.
- Sen embargo as transferencias correntes teñen un peso menor nos orzamentos municipais, nos que o capítulo IV representa o 35% do total de ingresos, fronte ao 77,5% nos orzamentos das deputacións provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais galegas a porcentaxe na estrutura de ingresos queda no 42,2%.

No gráfico seguinte aprécianse os agregados que menor achega representan nos orzamentos das entidades locais galegas, para poder reflectir mellor as diferenzas, entre os orzamentos dos diferentes entes locais, municipais e provinciais e outras entidade locais. Compróbase así que é nos concellos onde os ingresos por operacións de capital teñen máis presenza, representando o 6% do seu total de ingresos; fronte ao esquema do orzamento de ingresos nas deputacións no que estes tres agregados teñen un peso porcentual de 0,2%, 0,4% e 0,0%.


Gráfico 9. Capítulos V a IX de ingresos dos orzamentos das Entidades Locais de Galicia 2019



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outro apunte que pode resultar interesante estriba na comparativa da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas co valor nacional, obtido dos datos provisionais do Ministerio de Hacienda, do que se extraen as seguintes liñas principais:

Gráfico 10. Estructura dos ingresos dos orçamentos das deputacións 2019



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- os ingresos por operacións correntes son o de maior agregado de ingresos, non reflicten un dato tan elevado a nivel nacional como en Galicia, o que significa que as outras dúas variables teñan máis peso.
- así, no dato nacional o total de operacións correntes representa o 87% do total de recursos das facendas provinciais, as operacións de capital, achegan o 5,3% do orçamento e as operacións financeiras, representan o 7,7% do total dos orçamentos de ingresos.
- Das operacións de capital case a totalidade son as transferencias para investimentos de capital (capítulo VII) e no relativo aos dous capítulos que forman o agregado de operacións financeiras, dicir que ambos achegan unha porcentaxe similar ao total de ingresos.
- Ademais, os ingresos tributarios, teñen unha representación maior na estrutura de ingresos das facenda a nivel nacional, xa que representan o 26,7% do total de ingresos (algo máis de 5 puntos porcentuais máis que en Galicia), mentres que polo contrario, o capítulo IV de transferencias correntes, non ten un peso tan elevado como en Galicia (77,5% fronte o 60% do total nacional).
- Nos datos de orçamentos das deputacións a nivel nacional non se tiveron en conta os orçamentos do País Vasco pola diferente normativa fiscal.

III.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL


Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2019, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características:

○ **total de ingresos** consignados ascende a 190 euros por habitante, 6,5 euro máis ao dato de 2018, ocasionado polo lixeiro incremento da cifra de ingresos e polo descenso poboacional. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 268,5 e 268,9 €/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

○ importe en termos de euros por habitante na deputación de Lugo sufriu unha diminución, sendo 2,6 euros menos o total de ingresos por habitante deste ano 2019 ao consignado no orzamento inicial de 2018.


○ dato da Coruña é o menor dos catro, pero experimenta un aumento de 4 euros con respecto ao dato de 2018, ao reflectir unha alza a súa cifra de ingresos; Pontevedra é o que experimenta un maior incremento, con 8 euros respecto ao ano 2018.

Gráfico 11. Total de ingresos. Euros por habitante.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 12. Total de ingresos. Euros por habitante. Evolución.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

A composición dos ingresos en temos per cápita resúmese do seguinte xeito:

Na cifra de **ingresos tributarios** obsérvase que houbo un incremento de 1,3 euros para a media de Galicia en 2019 respecto a 2018, ata os 39,6 euros per cápita. Debido ao ascenso de todas as deputacións. O dato de ingresos tributarios por habitante para o orzamentos de Pontevedra A Coruña son similares ao da media de Galicia, mentres que os de Lugo e Ourense atópanse lixeiramente por enriba da media (entoma os 46 euros).


Como xa se viu os ingresos de natureza tributaria teñen as porcentaxes máis elevadas nos orzamentos da Coruña e Pontevedra, ao redor do 23-24%, mentres que os doutros orzamentos provinciais, son ao redor do 17%.

Cadro 5. Variables e ratios económico-financieiras dos ingresos. 2019. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	164,0	268,5	268,9	167,6	190,0
Ingresos Tributarios (I+II+III)	39,6	46,4	46,2	38,4	40,8
% ITR / IT	24,2%	17,3%	17,2%	22,9%	21,5%
Transferencias Correntes (IV)	123,9	218,6	220,8	125,4	147,0
% TC / IT	75,5%	81,4%	82,1%	74,8%	77,4%
Operacións Correntes (I ao V)	163,6	265,3	267,5	164,3	188,1
% OC / IT	99,7%	98,8%	99,5%	98,0%	99,0%
Operacións de capital (VI+VII)	0,0	2,3	0,4	1,9	1,0
% TDC / IT	0,0%	0,9%	0,1%	1,1%	0,5%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,4	0,9	1,0	1,4	0,9
% IF / IT	0,3%	0,3%	0,4%	0,8%	0,5%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 13. Variables de ingresos. Euros por habitante.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

As **transferencias correntes**, capítulo IV, que é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 147 € por habitante para a media de Galicia, 4,1 euros máis ca en 2018. Lugo e Ourense son as provincias que presentan maior importe por habitante; Ourense segue presentando o dato máis alto, 220,8 euros por habitante. Os datos das outras dúas provincias é menor, con 123,9 na Coruña e 125,4 nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado, que se ampliou aínda máis este ano.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de **ingresos por operacións correntes**, que presentan unha cifra media de 188,1 €/habitante, 6,3 euros máis ca en 2018, aínda que este conxunto de capítulos

mantivo a súa cifra en valores absolutos. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media, con 265,3 e 267,5 euros por habitante respectivamente de Lugo e Ourense. Os da Coruña e Pontevedra están lixeiramente por encima dos 160 €/habitante. Este dato incrementouse en todos orzamentos provinciais, sendo en Lugo onde se produce a maior subida (28,2 euros).

As **operacións de capital**, capítulos VI e VII, experimentaron unha variación ao redor do 2%, sendo do 0,2% no total de Galicia. No caso de Ourense, obsérvase unha destes capítulos do 2,6%. Presentan un resultado medio de 1 euro per cápita, incrementándose 0,2 euros con respecto a 2018.

A porcentaxe sobre o total de ingresos é do 0,5% para a media de Galicia e soamente no orzamento de Pontevedra se supera o 1%.

Por último nesta táboa, as **operacións financeiras** (capítulos VIII e IX), presentan a mesma porcentaxe que as operacións de capital, para a media de Galicia o importe é de 0,9 euros por persoa, oscilando entre 0,4 euros por habitante na Coruña e 1,4 en Pontevedra.


III.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2013-2019

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 10 anos, do ano 2009 ao 2019, referida ao total de recursos consignados e aos ingresos tributarios.

Tras o contexto global de crise e recesión económica que tiña provocado unha diminución nos recursos das facendas provinciais, obsérvase que desde o ano 2013, en termos xerais, os orzamentos provinciais experimentan unha traxectoria crecente e constante, para o total das catro deputacións, agás o lixeiro descenso do ano 2017.

Como se pode observar foi o ano 2019 o de maior valor da cifra orzamentaria, con 512,7 millóns de euros, superior en 54 millóns á cifra do ano 2013 e 17,1 millóns con respecto ao orzamento do ano anterior.

Gráfico 14. Evolución do orzamento de ingresos 2013-2019 para o total das deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por deputacións, tendo en conta os datos dende o 2013, o resultado da evolución desta serie ofrece os seguintes trazos: o orzamento lucense presenta taxas negativas en 2014, 2017 e 2018. O orzamento de Pontevedra tivo un crecemento xeral ao longo desta serie salvo no ano 2014 que tivo unha diminución do 1,4%. O único orzamento que tivo crecementos todos os anos deste período foi o da Coruña, cun resultado dunha taxa de crecemento interanual do 2,7% pasando dos 156,7 millóns de 2013 ao 183,6 de 2019, do que se deduce que o crecemento dos 54,3 millóns no conxunto das catro deputacións (no período analizado) foi debido, sobre todo, ao crecemento do orzamento coruñés. Por último no orzamento de Ourense houbo unha taxa media de incremento anual do 4%, sendo negativa a taxa do ano 2017 (-2,9%).


Cadro 6. Total orzamento de ingresos 2013-2019 e incremento interanual medio.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Incremento interanual medio
A Coruña	156,7	157,6	171,3	175,6	176,5	179,0	183,6	0,9%
Lugo	86,7	82,2	83,9	83,9	80,4	79,0	88,5	-5,2%
Ourense	66,5	73,8	77,4	79,5	77,1	80,7	82,7	0,6%
Pontevedra	148,6	146,5	148,6	152,1	152,5	156,9	158,0	0,7%
Galicia	458,4	460,1	481,2	491,1	486,6	495,6	512,7	-0,6%

Fonte: Consellería de Facenda.

En canto aos importes do total de ingresos obsérvase que os orzamentos das provincias máis poboadas, Coruña e Pontevedra, son as que reflicten os maiores importes, case o dobre da cifra das de Lugo e Ourense.


Gráfico 15. Evolución do orzamento de ingresos 2013-2019 para o total das deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Ao observar a evolución do total de **ingresos por habitante**, compróbase que a tendencia de crecemento é similar á comentada para os valores absolutos, tendo en conta que ademais houbo un descenso poboacional no período. Para a media de Galicia pasouse de 164 euros por habitante en 2013 a 190 do ano 2019.

Gráfico 16. Evolución do orzamento de ingresos 2013-2019. Euros por habitante.




Fonte: Consellería de Facenda.

Ao describir a traxectoria de cada un dos orzamentos provinciais en termos per cápita, o primeiro que se observa é a existencia de dous grupos, como no total de ingresos en termos absolutos, aínda que neste caso, os valores máis altos corresponden aos orzamentos das provincias menos poboadas, Lugo e Ourense.

Ourense amosa a cifra máis alta da serie con 269 euros por habitante en 2019, deputación que tamén experimenta o maior crecemento, xa que partía dos 204 euros por habitante.

Os resultados en Coruña e Pontevedra fluctuaron entre 138 euros/habitante no ano 2013 en Coruña aos 164 de 2019. En Pontevedra, no ano 2013 acádase un valor de 156 euros por habitantes e no ano 2019 o valor ascende a 168 euros.

Gráfico 17. Ingresos por habitante 2013-2019.




Fonte: Consellería de Facenda.

A evolución da cifra de **ingresos tributarios** (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2013-2019 de maior intensidade ca o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 3,6% para o total das catro deputacións. O primeiro ano da serie apenas presenta variación, mais a partir dese ano houbo crecementos constantes ata a caída manifestada en 2017, incrementándose de novo en 2018.

A cifra medida para o total de Galicia oscilou entre os 86,8 millóns de euros de 2013 aos 110,1 de 2019.


Gráfico 18. Evolución dos ingresos tributarios 2013-2019



Fonte: Consellería de Facenda.


Obsérvase, así mesmo que o crecemento destes ingresos foi máis elevado que o do total, o que provoca que a porcentaxe deste tipo de ingresos de natureza tributaria (capítulos de impostos directos, indirectos e taxas e outros) crecera lixeiramente nestes 7 anos do período observado, pasando de representar o 18,9% do total de ingresos en 2013 ao 21,5% de 2019.

Gráfico 19. Percentaxe ingresos tributarios sobre o total de ingresos. Total de deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 20. Evolución total de ingresos totales e ingresos tributarios.



Fonte: Consellería de Facenda.

As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan diferencias entre uns orzamentos provinciais e outros, sendo o orzamento de Ourense no que se aprecia un maior crecemento, xa que pasou de ter a cifra máis baixa, con 8,3 millóns de euros en 2013 a 14,2 en 2019, reflectindo unha taxa media de incremento interanual do 9,5%. No orzamento de Lugo houbo un descenso do agregado de ingresos tributarios do 4,5% de media anual, de maior intensidade que o descenso na cifra orzamentaria, sendo a maior parte do descenso no exercicio de 2017, é provocado pola finalización do ingreso polo antigo

hospital provincial. Nos anos 2018 e 2019 prodúcese un incremento do no orzamento dos ingresos, chegando en 2019 aos 15,3 millóns.

A cifra de ingresos tributarios consignada nos orzamentos iniciais da deputación da Coruña reflicte un incremento cunha taxa media do 5,7% superior á taxa de incremento do seu total de ingresos, e ademais é o orzamento que presenta a cifra máis alta.


Cadro 7. Ingresos tributarios 2013-2019 e incremento inter anual medio.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Inc. Interanual medio
A Coruña	31,7	31,3	39,0	41,0	40,0	41,9	44,4	3,0%
Lugo	15,6	15,3	16,7	16,1	11,7	12,3	15,3	0,1%
Ourense	8,3	13,3	13,8	14,1	13,1	13,1	14,2	11,7%
Pontevedra	31,2	30,6	34,3	34,0	35,3	36,3	36,2	2,3%
Galicia	86,8	90,6	103,8	105,2	100,1	103,6	110,1	3,0%

Fonte: Consellería de Facenda.

Finalmente en Pontevedra a traxectoria foi de crecemento continuado agás no ano 2016 onde se produciu un leve descenso do 0,8%. O resultado da variación entre os anos extremos da serie foi dun crecemento interanual a unha taxa media do 3,1%.

Gráfico 21. Ingresos tributarios 2013-2019 por provincias.




Fonte: Consellería de Facenda.

Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que no ano 2019 a cifra de ingresos tributarios por habitante rolda os 40 euros en todas as deputacións, situación que non se observaba en anos anteriores.

No orzamento lucense obsérvase que entre 2013 e 2016 estes ingresos por habitantes foron maiores que no resto de deputacións. A caída rexistrada en 2017 igualou este concepto coas demais deputacións.

Gráfico 22. Ingreso tributario por habitante 2013-2019



Fonte: Consellería de Facenda.

O orzamento de Ourense foi o de menor cifra no dous primeiros anos 2013 e 2014, a partir dese exercicio, presenta unha importante evolución á alza, superando os dato dos orzamentos das restantes provincias..

Os cambios para a serie da Coruña e Pontevedra foron menos acusados.

III.4. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina a estrutura básica dos ingresos, unha táboa sintética que recolle os importes de operacións correntes e de capital, que conforman os ingresos non financeiros; e as súas porcentaxes respecto do total. Así mesmo figuran os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
- En segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2019, e a comparación co orzamento do ano 2018. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de ingresos nestes dous últimos anos.


III.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 23. Orzamento de ingresos de A Coruña 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 24. Orzamento de ingresos de A Coruña Detalle. 2019.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 8..Orzamento de ingresos da deputación de A Coruña. 2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	16.849.442	9,4%	0,4%	16.919.452	9,2%
II. Impostos Indirectos	14.600.218	8,2%	4,5%	15.250.363	8,3%
III. Taxas e Outros ingresos	10.439.338	5,8%	16,9%	12.203.932	6,6%
<i>Ingresos tributarios</i>	41.888.998	23,4%	5,9%	44.373.747	24,2%
IV. Transferencias Correntes	136.365.949	76,2%	1,7%	138.651.953	75,5%
V. Ingresos Patrimoniais	195.054	0,1%	-57,1%	83.600	0,0%
Operacións correntes	178.450.000	99,7%	2,6%	183.109.300	99,7%
VI. Alleamento Investimentos Reais	0	0,0%		0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	0	0,0%		0	0,0%
Operacións de capital	0	0,0%		0	0,0%
Operacións non financeiras	178.450.000	99,7%	2,6%	183.109.300	99,7%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	500.000	0,3%	0,0%	500.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	500.000	0,3%	0,0%	500.000	0,3%
TOTAL INGRESOS	178.950.000	100%	2,6%	183.609.300	100%

Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 25. Orzamento de ingresos de A Coruña en porcentaxe por capítulo. 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.


III.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 26. Orzamento de ingresos de Lugo 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 27. Orzamento de ingresos de Lugo. Detalle. 2019.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 9. Orzamento de ingresos da deputación de Lugo 2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	5.579.254	7,1%	1,7%	5.671.750	6,4%
II. Impostos Indirectos	4.676.117	5,9%	4,7%	4.894.400	5,5%
III. Taxas e Outros ingresos	2.066.625	2,6%	128,5%	4.722.521	5,3%
<i>Ingresos tributarios</i>	12.321.996	15,6%	24,1%	15.288.672	17,3%
IV. Transferencias Correntes	66.095.912	83,6%	9,0%	72.026.668	81,4%
V. Ingresos Patrimoniais	122.882	0,2%	-24,9%	92.245	0,1%
Operacións correntes	78.540.790	99,4%	11,3%	87.407.585	98,8%
VI. Alleamento Investimentos Reais	0	0,0%	0,0%	692.823	0,8%
VII. Transferencias de Capital	200.902	0,3%	-66,9%	66.599	0,1%
Operacións de capital	200.902	0,3%	278,0%	759.422	0,9%
Operacións non financeiras	78.741.692	99,6%	12,0%	88.167.007	99,7%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,3%
TOTAL INGRESOS	79.041.692	100%	11,9%	88.467.007	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 28. Orzamento de ingresos de Lugo en porcentaxe por capítulo. 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.


III.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 29. Orzamento de ingresos de Ourense. 2019



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 30. Orzamento de ingresos de Ourense. Detalle. 2019




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 10. Orzamento de ingresos da deputación de Ourense 2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	4.605.000	5,7%	8,6%	5.000.000	6,0%
II. Impostos Indirectos	4.030.000	5,0%	5,1%	4.237.000	5,1%
III. Taxas e Outros ingresos <i>Ingresos tributarios</i>	4.458.461	5,5%	11,5%	4.971.704	6,0%
	13.093.461	16,2%	8,5%	14.208.704	17,2%
IV. Transferencias Correntes	66.182.047	82,0%	2,6%	67.914.124	82,1%
V. Ingresos Patrimoniais	219.512	0,3%	-29,6%	154.519	0,2%
Operacións correntes	79.495.020	98,5%	3,5%	82.277.347	99,5%
VI. Alleamento Investimentos Reais	21.000	0,0%	0,0%	21.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	890.980	1,1%	-88,6%	101.653	0,1%
Operacións de capital	911.980	1,1%	-86,6%	122.653	0,1%
Operacións non financeiras	80.407.000	99,6%	2,5%	82.400.000	99,6%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
TOTAL INGRESOS	80.707.000	100%	2,5%	82.700.000	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 31. Orzamento de ingresos de Ourense en porcentaxe por capítulo. 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.


III.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 32. Orzamento de ingresos de Pontevedra. 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 33. Orzamento de ingresos de Pontevedra. Detalle. 2019.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 11. Orzamento de ingresos da deputación de Ourense 2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	12.783.136	8,1%	0,0%	12.783.136	8,1%
II. Impostos Indirectos	12.716.131	8,1%	0,2%	12.747.661	8,1%
III. Taxas e Outros ingresos <i>Ingresos tributarios</i>	10.754.703 36.253.970	6,9% 23,1%	-0,9% -0,2%	10.653.704 36.184.501	6,7% 22,9%
IV. Transferencias Correntes	117.438.841	74,9%	0,6%	118.148.819	74,8%
V. Ingresos Patrimoniais	707.750	0,5%	-27,9%	510.150	0,3%
Operacións correntes	154.400.561	98,4%	0,3%	154.843.470	98,0%
VI. Alleamento Investimentos Reais	650.500	0,4%	7,7%	700.500	0,4%
VII. Transferencias de Capital	513.838	0,3%	116,7%	1.113.377	0,7%
Operacións de capital	1.164.338	0,7%	55,8%	1.813.877	1,1%
Operacións non financeiras	155.564.899	99,2%	0,7%	156.657.347	99,2%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.307.401	0,8%	-0,2%	1.305.001	0,8%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	1.307.401	0,8%	-0,2%	1.305.001	0,8%
TOTAL INGRESOS	156.872.300	100%	0,7%	157.962.348	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 34. Orzamento de ingresos de Pontevedra en porcentaxe por capítulo. 2019.



Fonte: Consellería de Facenda.

